



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Gramática galega III

Materia	Gramática galega III			
Código	V01G160V01801			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

## Competencias de titulación

Código	
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que o alumnado desenvolverse aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Recoñecer nos textos galegos as relacións que se establecen entre as oracións.	A4	B3
Coñecer, argumentar e xustificar nos textos galegos as especificidades oracionais en función do contido que se queira transmitir	A4	B2
	A6	B3
	A7	
	A9	
	A13	

**Contidos**

## Tema

1. Estructuras oracionais e marcadores discursivos en galego

2. As construcións coordinadas en galego

3. A expresión das relacións lóxicas nos textos galegos 3.1. Condicionalidade, concesividade, causalidade, consecuencia, finalidade

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	12	32
Traballos tutelados	7	50	57
Sesión maxistral	15	15	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	25	27

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates etc. realizados por relatores/as de prestixio, que permitirán afondar ou complementar os contidos da materia.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Empregaranse como complemento da lección maxistral.
Traballos tutelados	Elaboración dun traballo proposto polo docente que permita avaliar a competencia do alumnado no relativo ao dominio da lingua, técnicas e mecanismos de redacción dun texto.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que desenvolverá o alumnado.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O docente poderá ter algunha titoría individualizada ou en pequeno grupo co alumnado a propósito dos traballos e proxectos se non abonda coas explicacións, comentarios e indicacións que se dean na aula.

**Avaliación**

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente recompilará as cualificacións de todas as actividades prácticas que se vaian identificando como avaliáveis.	25
Traballos tutelados	Cada discente elaborará individualmente un traballo escrito seguindo as indicacións do profesor. Teranse que expoñer oralmente na aula o último día de aulas prácticas.	40
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Nunha proba escriba (ó final do cuadrimestre) avaliaranse os coñecementos adquiridos ó longo do curso (inclúense os procedentes da bibliografía, das explicacións do docente nas aulas maxistras ou nas aulas prácticas, etc.). Ata un 5% do valor desta epígrafe pode alcanzarse grazas á asistencia participativa nas aulas.	35

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

O alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

Asistencia para a avaliación continua: o alumnado deberá asistir a un mínimo do 80% das aulas (tanto das horas teóricas coma das prácticas). Para poder facer media, haberá que superar cada unha das tres tipoloxías de avaliación anteriores. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos

prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na avaliación do mes de xullo, na data fixada pola Facultade, aquelas probas que non superasen na avaliación de maio.

O alumnado que opte pola avaliación única, ou que non cumpra cos requisitos para a avaliación continua, poderá superar a materia, tanto en maio (a finais do cuadrimestre) coma en xullo (na data oficial fixada pola FFT), a través dun exame final escrito [60%] e mais un traballo (seguindo as indicacions do docente) [40%]. Cómpre superar tanto o exame coma o traballo para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas. Igualmente, o plaxio ou a copia serán penalizados cun 0 na proba en que se cometan.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

---

Bibliografía básica.

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

BILEGA, *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Dir. Francisco García Gondar. Centro de Investigacións Ramón Piñeiro (CILL-RP). Disponible en rede <<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>>.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2003): *Gramática da lingua galega*, 4 vols. Vigo: A Nosa Terra.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2005): *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito*. A Coruña: Universidade da Coruña. Monografía nº 3 da *Revista Galega de Filoloxía*.

\*Nas aulas fornecerase referencias bibliográficas específicas e tamén recursos dispoñibles en internet.

---

### **Recomendacións**

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Estrutura e análise das linguas galega e española: Introducción á sintaxe/V01G160V01301

Gramática galega II/V01G160V01603

---